

Posto	Código do posto	Denominación do posto	Grupo	Escala	Nivel	Centro directivo	Centro destino	Concello	Titulacións requiridas
9	OT.C99.10.000.27001.012	Enxeñeiro técnico de funcións facultativas	B	2074	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial Lugo	Lugo	Enx. técn. obras públ.
10	OT.C99.10.000.32001.104	Sección de Seguridade Viaria e Maquinaria	B	2074	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial Ourense	Ourense	Enx. técn. obras públ.
11	OT.C99.10.000.36001.016	Enxeñeiro técnico de funcións facultativas	B	2074	22	Servizos periféricos	Delegación Provincial Pontevedra	Pontevedra	Enx. técn. obras públ.

Corrección de erros.-Resolución do 25 de outubro de 2007, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de arquitectos, pola que se ordena a publicación da proposta da relación de aspirantes que superaron o citado proceso selectivo.

Advertido erro na resolución antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 220, do 14 de novembro de 2007, é necesario facer as seguintes correccións:

-Na páxina 18.231, no anexo, onde di: «...Soñora Luna, Rosa María - 33282550-O ...», debe dicir: «...Soñora Luna, Rosa María - 33282580-Q ...».

-Na páxina 18.231, no anexo, onde di: «...Vázquez Aguilar, Alberto Manuel - 32787012-Q ...», debe dicir: «...Vázquez Aguilar, Alberto Manuel - 32787012-Y ...».

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 31 de outubro de 2007 pola que se convoca concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño.

Advertidos erros na devandita Orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* do venres 9 de novembro de 2007, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Na páxina 18.002, base novena, punto 1, letra f, debe engadirse ao final: «... ou pola Orde do 8 de maio de 2007».

Na páxina 18.012, no anexo IV debe engadirse:

CENTRO	COD_LOC.	NOME	LOCALIDADE	CONCELLO
36019621C	360381301	ESCOLA DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Anuncio do 30 de outubro de 2007, da Xerencia de Atención Primaria de Santiago de Compostela, polo que se procede a darlle publicidade á resolución da mesma data, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión de dous postos de xefatura de grupo de secretaría de dirección.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de xefatura de grupo de secretaría de dirección, mediante Resolución do 3 de setembro de 2007 (DOG nº 189, do 28 de setembro), esta xerencia, de conformidade co previsto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006, pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e en exercicio das competencias que ten atribuídas no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión de dous postos de xefatura de grupo de secretaría de dirección, anunciada por Resolución do 3 de setembro de 2007 (DOG nº 189, do 28 de setembro).

Segundo.-Nomear para os postos convocados as persoas que se indican no anexo desta resolución.

Terceiro.-Os aspirantes nomeados deberán cesar na praza que desempeñan dentro dos tres días hábiles seguintes ao da súa publicación.

Cuarto.-A toma de posesión do posto de traballo adxudicado deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao do cesamento, se a praza desempeñada e o posto adxudicado son da mesma área de saúde, ou no prazo de quince días hábiles, se son de distinta área de saúde. Para estes efectos entenderase por praza desempeñada a efectivamente ocupada, con independencia de que sexa en condición de destino definitivo, adscrición ou destino provisional ou comisión de servizos.

Se así o permiten as necesidades do servizo, e por petición motivada do interesado, os prazos a que se